

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO**

DECRETO 128/2021, do 30 de setembro, polo que se ditan normas para garantir os servizos esenciais durante a folga indefinida convocada pola Comisión aberta de folga estatal pola loita dos traballadores en precario das administracións públicas, que comeza o día 4 de outubro de 2021.

O artigo 28.2 da Constitución española recoñece, como dereito fundamental da persoa, o dereito á folga. O exercicio deste dereito queda condicionado ao mantemento dos servizos esenciais definidos no artigo 2 do Decreto 155/1988, do 9 de xuño (DOG núm. 116, do 20 de xuño).

A Comisión aberta de folga estatal pola loita dos traballadores en precario das administracións públicas comunicou a convocatoria de folga para todo o persoal funcionario e laboral das distintas administracións públicas de todo o Estado, que se desenvolverá de xeito indefinido a partir das 00.00 horas do día 4 de outubro de 2021.

Así pois, a necesaria conciliación entre o exercicio do dereito constitucional de folga e o mantemento dos servizos esenciais obriga esta Administración autonómica galega, de acordo coa normativa vixente, a fixar uns servizos mínimos indispensables para o funcionamento dos servizos esenciais, que se concretan neste decreto.

Desta forma, establécense servizos mínimos respecto dos sectores e actividades cuxa regulación é competencia dalgunha das consellerías da Xunta de Galicia e que poden afectar o desenvolvemento ordinario da actividade cidadá, no sentido do artigo 2 do Decreto 155/1988, do 9 de xuño, é dicir, sanidade, seguridade, protección civil, transportes e comunicacións, medios de comunicación social, rexistros públicos, edificios, bens e instalacións públicas, asistencia social e educación, servizos de vixilancia e extinción de incendios e bombeiros.

Os criterios determinantes para a fixación dos servizos mínimos establecidos no presente decreto tiveron en conta os distintos pronunciamentos do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia en relación cos servizos esenciais fixados nas xornadas das anteriores folgas do 8 de xuño de 2010, do 29 de setembro de 2010, do 27 de xaneiro de 2011, do 29 de marzo de 2012, do 14 de novembro de 2012 e do 8 de marzo de 2018, así como a Sentenza núm. 415/2019, do 25 de setembro.



Aínda que é certo que o devandito tribunal ditou sentenzas que anulaban as normas polas que se establecían os referidos servizos mínimos, non é menos certo que esas sentenzas foron motivadas fundamentalmente polo déficit de expresión da ponderación dos factores e criterios tidos en conta para a súa fixación, considerando insuficiente a motivación na determinación das prestacións mínimas garantidas.

Por todo isto, no caso concreto e tendo en conta os pronunciamentos anteriores, preténdense dar a coñecer máis xustificadamente, se cabe, os criterios en virtude dos cales se procedeu a identificar os servizos mínimos como esenciais e a determinar os efectivos necesarios para aseguralos á luz da presente convocatoria de folga. Todo isto observando a necesaria proporción entre o sacrificio para o dereito dos traballadores e os bens e intereses que se teñen que salvagardar.

No ámbito da Presidencia da Xunta de Galicia, e dependendo da Secretaría Xeral para o Deporte, o Centro Galego de Tecnificación Deportiva ten ao seu cargo diariamente 90 deportistas residentes menores de idade e 12 deportistas residentes maiores de 18 anos, baixo a responsabilidade directa da Xunta de Galicia, e entre as súas obrigas con eles/elas está darlles o almorzo, o xantar, a cea e o coidado durante a súa pernoita. Xunto a estes/as deportistas, tamén comen no CGTD 58 deportistas externos e 27 adestradores/as. Ademais, o CGTD dá servizo a 18 clubs e 1345 deportistas da zona que, dadas as circunstancias actuais, son das poucas instalacións deportivas que poden dar servizo (cos protocolos anticovid-19 aprobados) aos deportes autorizados.

A atención indispensable que é debida a estes/as residentes menores de idade xustifica plenamente os servizos mínimos necesarios a partir do mércores, lectivo para todos os efectos, para o mantemento das instalacións operativas e accesibles aos/ás menores residentes, ao seren tres edificios diferenciados e distanciados entre eles, cunha superficie de 30.000 metros cadrados. Así mesmo, no almorzo, xantar e cea, polos protocolos COVID existentes e polo volume de usuarios do servizo, repártese o servizo en dúas quendas de acceso e anulouse o autoservizo dos deportistas, polo que o persoal responsable ten que dispensar a alimentación a cada un dos usuarios.

Á vista da folga a partir do vindeiro 4 de outubro, tívose en conta, para o establecemento dos servizos mínimos indispensables, a circunstancia de que a actividade desenvolvida de domingo a venres é moi elevada. A actividade comeza ás 7.30 horas e remata ás 23.00 co peche das instalacións deportivas; a esa hora queda só a actividade na residencia de deportistas, polo que é precisa a supervisión destes e que se verifique que se atopen ben e o cumprimento dos períodos de descanso, así como a supervisión dos residentes maiores



de idade. En consecuencia, polo que se refire á xornada de noite, establécense os servizos mínimos imprescindibles para o desenvolvemento desta actividade de supervisión.

No ámbito da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, cómpre a fixación de servizos mínimos no funcionamento dos rexistros administrativos, tanto nos servizos centrais como nos servizos periféricos, para garantir as actuacións da cidadanía cuxo incumprimento pode supor a perda ou prexuízo dos seus dereitos. Considérase, así mesmo, esencial o mantemento dos edificios administrativos co obxecto de garantir o correcto funcionamento das súas instalacións nas posibles situacións de emerxencia que puidesen acontecer.

A Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia, creou a Axencia Galega de Emerxencias configurándoa como un ente instrumental para a xestión das emerxencias segundo as instrucións emanadas do órgano administrativo que ten as facultades para a xestión das emerxencias e a protección civil, con natureza de ente público con personalidade xurídica propia que somete a súa actuación ao ordenamento xurídico privado, tal e como se describe no artigo 12.1.1.b) do Real decreto legislativo 1/1999, de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, con patrimonio propio e plena capacidade para o desenvolvemento dos seus fins.

Así mesmo, o Decreto 223/2007, do 5 de decembro, polo que se aproba o Estatuto da Axega, configúraa como un ente instrumental para a xestión das emerxencias, con natureza de ente público con personalidade xurídica propia, que depende orgánica e funcionalmente da consellería competente en materia de protección civil e xestión de emerxencias.

O artigo 18 da Lei de emerxencias de Galicia, entre as funcións da Axega, dispón que lle corresponde xestionar o Centro de Atención de Emerxencias 112 Galicia e prestar materialmente a asistencia requirida pola cidadanía a través del, ou dar traslado, segundo se estableza regulamentariamente, daquelas que corresponda atender a outros organismos competentes na materia.

No ano 2017 inaugurouse o Centro Integrado de Atención ás Emerxencias 112 Galicia, na localidade da Estrada-Pontevedra. Con esta aposta, a Xunta de Galicia dá resposta á necesidade de realizar unha xestión integrada das emerxencias, involucrando a todos os organismos implicados no proceso de resolución destas.

O servizo prestado desde o Centro Integrado de Atención ás Emerxencias 112 Galicia ten carácter indispensable e esencial para a comunidade.

CVE-DOG: hpfe08e3-joy9-qwe3-59p2-ocfjn8x8ot0



O capítulo III do Estatuto da Axega regula o seu persoal e no artigo 14 describe os tipos de persoal, que poderá ser persoal contratado pola Axega en réxime de dereito laboral e persoal funcionario ao servizo da comunidade autónoma.

Os postos de traballo da Axega son os definidos no cadro de persoal aprobado polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 17 de marzo de 2011 e publicado en virtude da Resolución do 5 de abril de 2011 (DOG nº 72, do 12 de abril).

Tendo en conta a natureza dos postos que se desempeñan na Axega, que se desenvolven con carácter unipersoal, as súas funcións non poden ser desenvolvidas por ningún outro persoal, excepto os ocupados polo persoal laboral temporal da Axega, que poderán substituírse un ao outro.

Os postos de xerente, xefe da Área do CAE 112 e técnico de operacións e loxística son postos relevantes para o desenvolvemento do CIAE 112 Galicia, que funciona de xeito ininterrompido as 24 horas do día, 7 días á semana os 365 días do ano. Polo tanto, poden desenvolver as súas funcións tanto en quenda de mañá como de tarde (e incluso de noite).

O posto de secretaria xeral desenvolve as súas funcións en quenda de mañá e xeralmente tamén de tarde, dadas as características das súas funcións e o volume de traballo que hai que desempeñar nesta unidade.

O Centro Superior de Hostalaría de Galicia (CSHG), integrado como área na Dirección de Profesionalización da Axencia Turismo de Galicia, é un centro de ensino superior que forma directivos hostaleiros e xestores en cociña, e imparte dúas titulacións: o diploma superior en Xestión Hoteleira e o diploma de Gastronomía e Xestión en Cociña.

O CSHG ofrece residencia ao seu alumnado e conta, neste curso 2021/22, cun total de 37 alumnos que residen no centro. Os centros residenciais docentes teñen como característica propia a presenza do alumnado fóra do horario lectivo para realizar actos da vida cotiá que o resto fai no seu domicilio particular, como estudar, durmir ou comer. Nestes centros debe quedar garantida, xa que logo, a atención mínima para que esas actividades non se poidan ver alteradas con risco ou desatención para os usuarios do servizo, polo que se require a presenza mínima do persoal de conserxaría para atender as instalacións e o alumnado. O servizo de conserxaría está externalizado, a través do correspondente contrato de servizos. A proposta que se formula respecta o criterio de fixar como servizos mínimos os que normalmente prestan con ocasión dun domingo ou día festivo.



No ámbito da Administración de xustiza, de conformidade coa doutrina do Tribunal Constitucional e coa xurisprudencia ditada na materia, e en particular coa Sentenza 463/2018, do 7 de novembro, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, considéranse servizos esenciais necesarios para garantir o servizo público:

1. Servizos de garda de xulgados, fiscalías e Instituto de Medicina Legal.
2. Xuízos orais na orde penal de causas con preso.
3. Medidas precautorias ou provisionais en materia de familia, de violencia sobre a muller e de liberdade provisional, entre outras.
4. Actuacións relativas á violencia de xénero nos xulgados de violencia sobre a muller, sexan ou non exclusivos.
5. Actuacións urxentes do Rexistro Civil, tales como a expedición de licenzas de enterramento, entre outras.
6. Rexistro de asuntos e documentos en que venza un prazo preestablecido por lei e cuxo vencemento poida deparar perda de dereitos á cidadanía, así como a atención daquelas actuacións en que venza un prazo improrrogable establecido na lei cuxo incumprimento poida afectar o dereito da tutela xudicial efectiva e aquelas cuxa urxencia veña determinada polas leis procesuais ou polos bens xurídicos en xogo.

Para a fixación dos servizos mínimos, a Administración ten en conta igualmente os criterios determinantes que establece a doutrina do Tribunal Constitucional e a xurisprudencia contencioso-administrativa ditada na materia.

Así mesmo, debe terse en conta que, de producirse durante a xornada de folga algunha das actuacións urxentes ou esenciais das establecidas polo artigo 42 do Regulamento 1/2005, do Consello Xeral do Poder Xudicial, dos aspectos accesorios para as actuacións xudiciais ou pola normativa procesual correspondente, estas non poderían ser atendidas polo xulgado de garda, dado que o xulgado competente está en horas de audiencia, motivo este polo que é preciso dispoñer dun mínimo de persoal nos distintos órganos xudiciais que figuran no articulado para atender as actuacións urxentes e inaprazables, sen vulnerar a atribución de competencias previstas nas correspondentes leis procesuais e no citado Regulamento 1/2005. Cómpre sinalar, a modo de exemplo, as seguintes: autorización de medias precautorias ou de permisos extraordinarios polo Xulgado de Menores; au-



torización de entrada en domicilio, medidas sanitarias urxentes de saúde pública, medidas precautorias en materia de estranxeiría, asilo político e refuxiado que impliquen expulsión, devolución ou retorno polos xulgados do contencioso-administrativo; autorización para internamento, medidas cautelares para protección de incapaz, restitución ou retorno de menores nos supostos de subtracción internacional polos xulgados de familia; a celebración de vistas que poidan afectar os dereitos dos traballadores e traballadoras, tales como as demandas de tutela de dereitos fundamentais e liberdades públicas, e as actuacións declaradas urxentes pola lexislación procesual, tales como medidas cautelares necesarias para asegurar a efectividade da tutela xudicial polos xulgados do social; medidas por dereitos fundamentais da Sala do Contencioso-Administrativo do TSX.

Na fixación dos servizos mínimos preténdese, pois, unha proporcionalidade entre o servizo esencial que cómpre prestar e a garantía do exercicio do dereito de folga dos traballadores e traballadoras, convocada esta vez con carácter indefinido. Neste sentido, o establecemento do persoal mínimo para garantir os ditos servizos esenciais ten en consideración os seguintes criterios, que se expoñen a continuación de forma xeral, con independencia da xustificación concreta que, para cada tipo de órgano ou xurisdición, se especifique en cada suposto.

Para garantir a prestación dos devanditos servizos esenciais, por tanto, establécense os servizos mínimos que se concretan a seguir, para o que se teñen en conta o carácter indefinido da folga, a extensión territorial e as diferentes dotacións de persoal en función do órgano concreto, as distintas funcións dos distintos corpos, de ser o caso, así como as distintas localizacións dos órganos nos edificios xudiciais segundo a localidade e a existencia de órganos especializados nalgúns cidades, entre outros.

Neste sentido, tense en conta, igualmente, a distinción entre órganos xurisdiccionais e aqueles órganos que non o son; órganos nos cales, ou ben non se establecen servizos mínimos, como é o caso dos servizos comúns de atención á cidadanía, ou ben os servizos que se fixan son inferiores aos establecidos nos primeiros, por canto estes atenden os bens xuridicamente obxecto de maior protección. Igualmente, dentro dos órganos xurisdiccionais faise unha distinción, en función dos bens xurídicos protexidos, que en síntese consiste na distinción entre aqueles órganos que atenden asuntos relativos á xurisdición penal (como os xulgados do penal, vixilancia penitenciaria, violencia sobre a muller ou os xulgados mixtos) dos que non os atenden; partindo, por tanto, da prestación dun maior número de servizos esenciais durante a folga indefinida naqueles órganos que garanten bens xurídicos especialmente protexidos polo ordenamento xurídico e, esencialmente, bens personalísimos e primarios como, entre outros, a liberdade das persoas; o número



de efectivos fixados nestes órganos é superior aos fixados naqueles outros órganos, que seguirán a pauta xeral.

Ademais, as diferenzas de dotacións existentes nos órganos xudiciais, en función das distintas ordes xurisdicionais, das necesidades destes e das funcións que atenden, ou da súa localización nas distintas localidades, entre outras razóns, xustifican que non exista unha uniformidade total na fixación do número de funcionarios que deben constituír os mencionados servizos mínimos.

Así mesmo, as distintas funcións que corresponden a cada corpo funcional, establecidas polos artigos 476 e seguintes da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, fan necesaria, na determinación dos efectivos que deben atender os servizos esenciais en cada órgano, a concorrencia de persoal funcionario dos distintos corpos, imprescindibles para garantir estes servizos esenciais. Neste sentido, o persoal funcionario do corpo de auxilio xudicial, polas súas funcións, non se considera preciso para garantir os servizos esenciais en determinados órganos, caso do Imelga ou xulgados de paz; ou ben esta Administración entende suficiente, case na totalidade dos restantes supostos, que a persoa funcionaria designada servizo mínimo sexa compartida por distintos xulgados ou seccións dos tribunais. Só naqueles supostos en que, ben por existir un único órgano por xurisdición ou na localidade ou polas materias que este atende, como violencia sobre a muller, se considera necesaria a fixación dun auxilio xudicial en cada órgano.

Hai que sinalar, así mesmo, que nos xulgados de primeira instancia e instrución se fai un tratamento individualizado, diferenciando aqueles partidos xudiciais con dous, tres ou catro xulgados, fixando dotacións mínimas para cada caso; establécese así que a persoa funcionaria de auxilio xudicial será compartida para todos os xulgados, sexan estes partidos de tres ou catro xulgados e mesmo compartido o auxilio xudicial do xulgado de garda, no suposto de partidos xudiciais con dous xulgados.

Por outra banda, e en prol da maior protección do dereito fundamental de folga, esta Administración, con respecto do persoal funcionario do corpo de xestión e tramitación, considerou que o servizo mínimo, naqueles órganos onde poderían atenderse os servizos esenciais coa presenza dunha única persoa funcionaria, que son a regra xeral, podería designarse tanto dun corpo como doutro; con carácter excepcional, establécese a necesidade dunha persoa funcionaria tanto do corpo de xestión como de tramitación, como sucede nos xulgados do penal, vixilancia penitenciaria ou violencia sobre a muller, por canto os asuntos que atenden afectan os bens xurídicos máis protexidos polo ordenamento vixente, como pode ser a liberdade. Hai que sinalar, por último, ao respecto, que ben que nos

CVE-DOG: hpfe08e3-joy9-qwe3-59p2-ocfjn8x8ot0



registros civís exclusivos non se considerou necesaria na dotación o persoal funcionario de auxilio xudicial, si se considera precisa a designación de dous xestores/as ou tramitadores/as tanto para as funcións relacionadas con defuncións como para as restantes actuacións de carácter urxente consideradas servizo esencial, polo volume dos servizos deste carácter que prestan os citados órganos.

En conclusión, por tanto, como regra xeral esta Administración, en prol da protección do dereito de folga, non fixou servizos mínimos naqueles órganos que non atendan servizos esenciais e, naqueles que si os atendan, estableceu as dotacións mínimas que os poidan garantir e, neste sentido, non se designa persoal funcionario do corpo de auxilio xudicial nalgúns órganos ou se comparten estes persoal por distintos órganos xudiciais e, con respecto do persoal funcionario do corpos de xestión ou tramitación establécese, como norma xeral, a suficiencia dunha persoa funcionaria dos citados corpos por órgano, de forma alternativa.

En relación coa Consellería de Facenda e Administración Pública, na Axencia Tributaria de Galicia cómpre fixar de servizos mínimos no funcionamento do sistema de cita previa, tanto nos servizos centrais como nas delegacións da Axencia na Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo, garantindo as actuacións da cidadanía cuxo incumprimento pode supor a perda ou prexuízo dos seus dereitos.

O servizo de listas de contratación temporal precisa dispoñer diariamente, polo menos, do 50 % dos seus efectivos, xa que presta servizos públicos de carácter esencial, consistentes en seleccionar persoal para a cobertura de postos que xurdan nos matadoiros, residencias de maiores, centros residenciais dependentes da Consellería de Política Social e menores.

En canto á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, o Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia está aberto permanentemente, polo que é necesario dispoñer deste persoal por se houber algunha emerxencia cos visitantes ou os usos autorizados nel. Finalizada a tempada de verán, xa non opera o servizo público de transporte regular ás illas, polo que, para garantir os desprazamentos do persoal é preciso fixar servizos mínimos na tripulación.

Cómpre, pola súa vez, establecer servizos mínimos no ámbito da modelización numérica asociada ao servizo que presta Meteogalicia, co fin de garantir a execución de modelos matemáticos para elaborar a predición metereolóxica. Estes modelos executanse dúas veces ao día, polo que é necesario fixar quenda de mañá e de tarde.

CVE-DOG: hpfe08e3-joy9-qwe3-59p2-ocfjn8x8ot0



En relación coa Subdirección Xeral de Resíduos, fíxanse os servizos mínimos necesarios para atender GAIA, plataforma electrónica a través da cal se realizan os traslados de residuos de Galicia. Ningún residuo pode ser trasladado dunha instalación a outra sin ser comunicado previamente a esta plataforma. É un servizo esencial, xa que, de non dar resposta ás incidencias que poidan xurdir no uso da aplicación informática, os produtores e xestores non poderían mover os residuos da instalación, co prexuízo que iso comporta, non só de carácter económico senon tamén ambiental.

Nos distintos distritos ambientais, que abarcan os territorios provinciais, resulta necesario garantir a atención ante calquera incidencia na xestión dos espazos naturais protexidos e da biodiversidade, dos recursos cinexéticos e piscícolas, e dispoñibilidade ante a localización de fauna silvestre ferida.

Nos parques naturais das Fragas do Eume e Corrubedo, Monte Aloia, O Invernadeiro, Serra Enciña da Lastra e Baixa Limia-Xurés, ao tratarse de espazos naturais abertos que poden recibir visitantes, resulta esencial dispoñer do persoal proposto para poder atender calquera emerxencia que se poida producir.

No Centro de Recuperación de Fauna de Oleiros é necesario garantir en todo momento a debida atención e benestar dos animais silvestres ingresados para a súa recuperación e mesmo os posibles novos ingresos, polo que resulta imprescindible contar co persoal indicado, co fin de asegurar este servizo.

No Complexo Ambiental O Veral resulta imprescindible garantir en todo momento a debida atención e benestar dos animais presentes, polo que resulta necesario contar co persoal indicado.

En canto ao Centro de Recuperación da Fauna de Rodicio e piscifactoría do Carballiño, resulta imprescindible garantir en todo momento a debida atención e benestar dos animais presentes, polo que resulta necesario contar co persoal indicado, co fin de asegurar que o dito servizo quede debidamente cuberto; xa que en inverno os domingos non hai quenda de tarde, o servizo mínimo será dunha persoa pola mañá.

No Parque Natural Monte Aloia, ao tratarse dun espazo natural aberto que pode recibir visitantes, resulta esencial dispoñer do persoal proposto para poder afrontar calquera emerxencia que se poida producir.



No Centro de Recuperación de Fauna de Carballedo e na piscifactoría de Carballedo resulta imprescindible garantir en todo momento a debida atención e benestar dos animais presentes, polo que resulta necesario contar co persoal indicado, co fin de asegurar que o dito servizo quede debidamente cuberto; xa que en inverno os domingos non hai quenda de tarde, o servizo mínimo será dunha persoa pola mañá.

No ámbito da Consellería de Cultura, Educación e Universidade debe comezarse por ter presente que o dereito á educación é un dereito fundamental, recoñecido no artigo 27 da Constitución. O exercicio do dereito de folga, que tamén é un dereito fundamental, queda condicionado, de acordo co artigo 28.2 da Constitución, ao mantemento dos servizos esenciais, definidos no artigo 2 do Decreto 155/1988, do 9 de xuño (DOG do 20 de xuño), entre os que se atopa a educación.

É importante subliñar que esta folga ten un ámbito temporal moi diferente aos inmediatos antecedentes de folga no eido educativo, pois convócase a xornada completa e, isto é o relevante, cunha duración indefinida, desde o 4.10.2021. Sen dúbida, unha folga indefinida pode producir unha perturbación no servizo esencial á educación en canto pode supoñer, de non fixarse uns servizos mínimos axeitados, que o alumnado poida verse prexudicado pola eventual falta de docencia de maneira continuada, afectación que se verá incrementada a medida que a incidencia da folga continúe neses termos. En efecto, o respecto ao dereito á educación implica que os servizos educativos impartan o currículo que corresponda, pois os sucesivos niveis educativos parten da premisa da formación acadada nos niveis anteriores, currículos que están deseñados para impartirse ao longo de cada curso escolar, polo que, se a actividade lectiva se limita de maneira indefinida se impedirá a impartición completa do currículo e con iso a dificultade, cando non a imposibilidade, de acadar os obxectivos e resultados perseguidos, así como a base necesaria para progresión nos sucesivos niveis educativos. E isto non é só un problema individual do alumnado afectado, senón da sociedade en xeral, cuxa prosperidade depende en gran medida do nivel educativo que os seus cidadáns acaden.

Por outra banda, o servizo esencial da educación non pode ser reducido exclusivamente á actividade docente, xa que xunto a esta actividade se realizan outras funcións como son a vixilancia e coidado dos nenos e nenas, menores de idade, que acoden aos centros docentes públicos, así como o coidado, mantemento e vixilancia das instalacións destinadas ao servizo público educativo.

Con carácter xeral, o artigo 39 da Constitución depara unha protección especial aos menores; dun xeito máis específico, a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participa-



ción da comunidade educativa, dispón no seu artigo 7 que o alumnado ten dereito a que se respecte a súa identidade, integridade e dignidade persoal, e á protección integral contra toda agresión física e moral. Polo tanto, a custodia e seguridade dos menores de idade que accedan a un centro docente, o cumprimento dos principios constitucionais mencionados e dos dereitos citados é responsabilidade ineludible desta Administración educativa e parte indivisible do dereito esencial á educación.

O dereito á seguridade e o correlativo deber de protección dos menores, dada a súa entidade, debe exercerse continuamente. Como servizo mínimo para garantilos establécese que os centros docentes permanezan abertos no seu horario habitual, coa necesaria presenza nos ditos centros do/da director/a ou, de ser o caso, doutro membro do equipo directivo que o/a substitúa, xa que tales membros do equipo directivo teñen a representación do centro e garanten o cumprimento das leis e demais disposicións vixentes, como sinalan as alíneas a) e d) do artigo 132 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e, polo tanto, están capacitados e facultados para resolver calquera incidencia respecto da seguridade dos menores de idade. Así mesmo, consonte a normativa citada, o director tamén está facultado e capacitado para resolver calquera incidencia que se poida producir respecto do conxunto dos bens que integran un centro docente.

A presenza dun subalterno ou subalterna deriva das funcións que a este tipo de persoal competen respecto do coidado e vixilancia das instalacións e do control de entrada e saída do centro educativo, tanto para evitar a entrada de persoas alleas ao centro como para evitar a saída dos menores de idade cando non corresponda.

Dentro do deber de outorgar protección básica ao menor de idade, debemos incluír a súa alimentación. En relación con isto, cómpre afirmar que cando se asume esta responsabilidade non pode desatenderse, o que motiva que deba garantirse nos centros educativos o mantemento do servizo de comedor.

O dereito á seguridade e o correlativo deber de protección dos menores que, como se dixo, non pode ser paralizado, inclúe a actividade básica de coidar a integridade física e hixiene daqueles que, por teren diminuídas as súas capacidades, necesitan unha constante vixilancia e atención (artigo 49 da Constitución) por parte dos coidadores do alumnado con necesidades educativas especiais presentes nos centros docentes ordinarios.

Se o que acabamos de dicir son razóns que sosteñen a necesidade de fixar servizos mínimos ante calquera convocatoria de folga no ámbito dos centros docentes non universitarios, neste caso atopámonos, como é notorio para todos, ante unhas circunstancias



extraordinarias e graves en materia de saúde pública. Referímonos, como é obvio, á situación de emerxencia sanitaria en que nos encontramos como consecuencia da pandemia internacional provocada polo coronavirus SARS-CoV-2 que causa a COVID-19.

O artigo 43.1 da Constitución recoñece o dereito á protección da saúde, mentres que o punto 2 dese artigo sinala que compete aos poderes públicos organizar e tutelar a saúde pública a través de medidas preventivas. Pois ben, os servizos mínimos que se deben fixar para esta convocatoria de folga deben ser tales que permitan o cumprimento efectivo das medidas preventivas fixadas polos diferentes instrumentos regulatorios aprobados polas autoridades, pois con eles non só se protexe a saúde dos usuarios do servizo público educativo senón a toda a poboación en xeral, como medidas destinadas a evitar a propagación da pandemia, evitar a propagación do coronavirus SARS-CoV-2 e con iso a infección por COVID-19. Entre eses instrumentos regulatorios cómpre salientar a Orde comunicada da ministra de Sanidade do 4 de xuño de 2021, ditada ao abeiro do artigo 65 da Lei 26/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema nacional de saúde, e a versión do 6.7.2021 do Protocolo de adaptación ao contexto da COVID 19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021/22, publicado na páxina web corporativa da Consellería de Cultura, Educación e Universidade. Destes instrumentos regulatorios cómpre mencionar medidas preventivas tales como a limitación dos contactos, mediante a distancia social ou mediante o mantemento de grupos de convivencia estable; medidas de prevención persoal, como a hixiene de mans, que o alumnado menor de idade ou con necesidades educativas especiais non realizará por iniciativa propia, senón que precisará o estímulo e vixilancia do persoal do centro; ou as medidas de limpeza, desinfección e ventilación do centro.

Pois ben, tendo presente o anterior, consideramos que neste contexto debe acudir a cada centro educativo, como servizos mínimos, ademais do titular da dirección ou de quen o substitúa, un profesor ou profesora por cada grupo de alumnos que teña prevista actividade lectiva no tempo da folga. Consideramos isto imprescindible para o cumprimento das medidas relativas á limitación de contactos ou de hixiene persoal no alumnado e para o cumprimento das medidas relativas á ventilación, así como para continuidade necesaria na impartición do currículo. Tales funcións deben reforzarse no caso do alumnado con necesidades educativas especiais, para os cales o nivel de protección debe ser absoluto, razón que nos leva a fixar como servizos mínimos o 100 % do persoal auxiliar coidador.

No mesmo contexto, ademais das medidas de hixiene individual, resultan tamén imprescindibles o mantemento da limpeza, desinfección e ventilación do centro, razón pola



cal resulta necesario fixar como servizos mínimos o 100 % do persoal de limpeza. Do protocolo antes mencionado recollemos algunhas das medidas que xustifican tales servizos mínimos:

«4. Medidas xerais de limpeza nos centros.

[...]

4.1.1. Nas aulas será suficiente con realizar a limpeza unha vez ao día, incluído mobiliario (mesas e outras superficies de contacto, etc.). No caso de que se establecesen quendas nas aulas, comedor ou outros espazos, cando cambie o alumnado, indícase a limpeza, desinfección e ventilación entre quenda e quenda.

4.1.2. Limpeza, polo menos unha vez ao día, reforzándoa naqueles espazos que o precisen en función da intensidade de uso, como no caso dos aseos onde será de, polo menos, dúas veces ao día.

4.1.3. Terase especial atención nas zonas de uso común e nas superficies de contacto máis frecuentes como pomos das portas, mesas, mobles, pasamáns, teléfonos, perchas e outros elementos de similares características, así como de billas, elementos das cisternas e outros dos aseos.

4.1.4. Durante a xornada lectiva unha persoa do servizo de limpeza realizará unha limpeza de superficies de uso frecuente e, no caso dos aseos, de polo menos dúas veces na xornada. En todo caso, nos aseos existirán xaboneiras ou material de desinfección para ser utilizado polos usuarios voluntariamente.

[...]

1.7. Deberá vixiarse a limpeza de papeleiras (todas con bolsa interior e protexidas con tapa), de xeito que queden limpas e cos materiais recollidos, co fin de evitar calquera contacto accidental».

En relación coa ventilación, en que están implicados diferentes profesionais do centro, recóllese o seguinte no devandito protocolo:

«4.2. Deben realizarse tarefas de ventilación frecuente nas instalacións, e por espazo de polo menos 15 minutos ao inicio da xornada, 15 minutos ao remate de cada xornada (mañá e tarde), durante a totalidade dos recreos, cando menos 5 minutos entre clase e clase e de 2 a 5 minutos cada 15 a 20 minutos durante a duración destas. As portas das aulas



deberán permanecer sempre abertas, coas ventás abertas para favorecer a circulación de aire e especialmente se as ventás se atopan pechadas. As ventás dos corredores deberán permanecer abertas para facilitar a ventilación.

Coas medidas de prevención de accidentes necesarias:

4.2.1. Cando as condicións meteorolóxicas e do edificio o permitan, manteranse as xanelas abertas o maior tempo posible.

4.2.2. Débese aumentar a subministración de aire fresco e non se debe usar a función de recirculación do aire interior.

4.3. Se unha profesional presta asistencia no mesmo espazo con diferentes alumnos/as de maneira consecutiva, desinfectaranse as superficies utilizadas e ventilarase a sala un mínimo de 5 minutos tras cada sesión ou, en función dos parámetros citados, que garantan unha ventilación axeitada».

Ao ser necesario o mantemento do servizo de comedor, no dito contexto de medidas preventivas para a propagación da pandemia, entendemos necesario fixar como servizo mínimo o 100 % do persoal de comedores. Ao fío do anterior, do protocolo citado cómpre salientar as seguintes medidas:

«14.8. Os locais utilizados no servizo de comedor ventilaranse con ventilación cruzada cando menos 15 minutos antes e 15 minutos despois de cada quenda. As portas permanecerán abertas e, se as circunstancias meteorolóxicas o permiten, manterase unha mínima ventilación cruzada durante todo o servizo.

14.9. Os pratos serán individuais e non poderán ser compartidos entre o alumnado. A auga poderá servirse nunha soa xerra, pero deberá servila sempre unha mesma persoa. Non se poñerán na mesa utensilios de uso común, como aceiteiras e vinagreiras, cestos de pan para a mesa, etc...

[...]

14.15. Será necesario ventilar o comedor tras cada quenda un mínimo de 15 minutos.

[...]

CVE-DOG: hpfe08e3-joy9-qwe3-59p2-ocfjn8x8ot0



14.19. O persoal de cociña ten a obriga de lavar e desinfectar todo o enxoval e electrodomésticos e utensilios que se utilicen no proceso de elaboración dos menús. O uso de luvas non é recomendable de forma xeral, pero si nas tarefas de limpeza».

En relación cos servizos mínimos citados ata agora respecto dos centros educativos non universitarios, cómpre dicir que son semellantes aos propostos nunha situación epidemiolóxica máis grave ca actual; así e todo, consideramos oportuno manter aqueles, primeiro porque os elementos propios da convocatoria que nos ocupa, en contraposición aos dos precedente inmediatos, son da máxima magnitude: está convocado todo o persoal dependente das administracións públicas, con independencia do seu vínculo, laboral ou funcionario, temporal ou fixo; e a folga ten carácter indefinido, está fixada a data de inicio pero non a data de finalización. En segundo lugar, porque tales servizos mínimos son necesarios malia que a incidencia da pandemia non estea neste momento nun nivel álxido, sendo isto así grazas ao proceso de vacinación e ao cumprimento pola maior parte da sociedade das medidas preventivas vixentes; agora ben, con todo e con iso, a situación de emerxencia sanitaria continúa, e dado que isto é así e dado que mantela controlada é consecuencia do cumprimento das medidas preventivas, non podemos relaxar o seu cumprimento no contexto dos centros educativos, nos que hai unha asistencia masiva de persoas, entre usuarios e profesionais, polo que o efectivo cumprimento daquelas nos centros educativos constitúe unha garantía para manter a incidencia da pandemia nos niveis actuais ou mesmo menores. Ao fío dito, téñase presente tamén que precisamente aos centros educativos acode cada día un colectivo significativo de persoas que non están vacinadas, en concreto o alumnado menor de 12 anos.

No ámbito da Consellería de Emprego e Igualdade tómase en consideración, para determinar os servizos mínimos, a necesidade da presenza de persoal técnico en seguridade e saúde laboral que garanta o inmediato desprazamento e as actuacións necesarias para a investigación no caso de recibir comunicación dun sinistro laboral grave ou mortal e de conformidade co sistema preestablecido de gardas provinciais, por ter carácter esencial.

En canto á seguridade e saúde laboral, o mínimo imprescindible para cubrir as necesidades urxentes é contar con 1 técnico/a de prevención de riscos laborais por cada un dos centros provinciais do Instituto de Saúde e Seguridade Laboral de Galicia.

A dotación que prestarán os servizos mínimos correspóndelles aos/ás funcionarios/as que presten o servizo de garda.

CVE-DOG: hpfe08e3-joy9-qwe3-59p2-ocfjn8x8ot0



No ámbito da Consellería de Sanidade, os servizos mínimos que se establecen resultan totalmente necesarios para manter a adecuada cobertura dos servizos esenciais que presta a consellería, evitando que se produzan graves prexuízos para a saúde da cidadanía e permitindo cumprir coa normativa vixente.

Tales servizos mínimos responden á necesidade de compatibilizar o respecto ineludible ao exercicio do dereito á folga, co mantemento dunha serie de servizos á poboación, que baixo ningún concepto poden quedar desasistidos, xa que se realizan no eido da protección da saúde, cun carácter marcadamente preventivo e deberán ser prestados tendo en conta as obrigas que o marco normativo vixente impón.

No marco actual de emerxencia sanitaria pola pandemia da COVID-19, os servizos deben garantir o seguimento da situación epidemiolóxica e da inmunización colectiva seguindo os protocolos establecidos.

No ámbito da planificación sanitaria e aseguramento resulta necesario garantir a atención aos cidadáns e centros de saúde, especialmente no actual contexto da pandemia xerada pola COVID-19 e do proceso de vacinación, garantindo a presenza de persoal, en quenda de mañá e de tarde, no servizo de tarxeta sanitaria.

No ámbito da protección da saúde pública e inspectora, os servizos deben garantir o cumprimento das normas esenciais para asegurar o control de calquera incidencia que se poida producir nos establecementos e servizos de sanidade ambiental e alimentaria.

No laboratorio de saúde pública cubriranse as necesidades urxentes ou de perentoria necesidade para as mostraxes realizadas no marco do control oficial da saúde pública.

En canto ás alertas epidemiolóxicas, o obxectivo principal é o de detectar rapidamente aquelas ameazas e situacións que poidan ter un impacto grave na saúde da poboación –incluídas as necesidades urxentes de seguimento de casos positivos da COVID-19 e de contactos– e requiran a toma de medidas inmediatas.

En canto á Consellería de Política Social, tómase en consideración para a determinación dos servizos mínimos a necesidade da presenza dos efectivos imprescindibles que garantan o funcionamento dos centros, tendo en conta tres premisas fundamentais.



Primeira. O colectivo en situación de extrema vulnerabilidade que é atendido polos centros desta consellería (maiores, menores, discapacitados, menos e nenas entre cero e tres anos, etc.).

Segunda. A situación de emerxencia sanitaria en que nos atopamos, tendo en conta as medidas adoptadas no ámbito da Comunidade Autónoma e os protocolos que hai que cumprir para facer fronte á situación epidemiolóxica por mor da COVID-19, fai necesaria a fixación duns servizos mínimos que permitan, cando menos, a apertura dos centros nunhas condicións que garantan a protección dos usuarios, así como do persoal traballador e, ao mesmo tempo, que posibiliten a prestación dunha atención adecuada a aquelas persoas usuarias que carecen doutra alternativa para a súa atención, destacando a necesidade de dar resposta inmediata ás diferentes situacións de emerxencia social.

O antedito trae como consecuencia a imprescindible presenza dun número de efectivos suficiente para garantir, en última instancia, a saúde de usuarios e persoal traballador, tendo en conta a imprescindible necesidade de crear espazos seguros.

Terceira. Ante una folga indefinida como esta é imposible que un centro funcione indefinidamente coas presenzas dun domingo ou dun festivo. En consecuencia, distinguimos entre os servizos mínimos de luns a venres e os de fin de semana. As presenzas que se establecen nestes servizos mínimos de luns a venres pretenden conxugar o respecto ao dereito de folga e a necesidade de garantir un servizo público esencial nunhas condicións que permitan atender as necesidades vitais dos usuarios, tendo sempre presentes as premissas descritas.

Na Fundación Pública Galega para a Tutela de Persoas Adultas (Funga), polo sistema de traballo multidisciplinar e volume de traballo da Fundación, faise precisa a asistencia ao posto de traballo do número de empregados que se indica, xa que debe estar garantida a asistencia a tutelados por parte do departamento de traballo social (fíxanse dúas empregadas de servizos mínimos das sete que compoñen o cadro de persoal), a atención telefónica e tramitación de transferencias bancarias e outros trámites de urxencia por parte dos traballadores administrativos (fíxanse dous de oito) e a asistencia xurídica aos tutelados e atención aos requirimentos xudiciais que ese día se poidan recibir (fíxanse dous asesores xurídicos dos oito do cadro de persoal).

CVE-DOG: hpf0e8e3-joy9-qwe3-59p2-ocfjn8x8ot0



No Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar:

Centros de atención a persoas maiores.

Hai que ter en conta que se trata de centros de atención a persoas maiores dependentes e, por tanto, propóñense uns servizos mínimos ante a necesidade de manter a continuidade e estabilidade na asistencia terapéutica dos residentes e usuarios de centros de atención diúrna en favor do seu beneficio físico e psíquico, co obxectivo de alongar o máximo tempo posible o mantemento de capacidades necesarias para a realización das actividades da vida diaria, aminorando o ritmo da súa deterioración física e cognitiva. Así pois, para a elaboración, execución e seguimento dos programas terapéuticos dirixidos aos maiores dependentes, é fundamental o traballo de diferentes técnicos especializados no traballo con persoas deste perfil, técnicos que forman parte do persoal dos centros. Hai que ter en conta que son centros de atención continuada, tanto os de atención diúrna como os residenciais, que non interrompen a súa actividade en ningunha época do ano. Por tanto, a diferenza doutras xornadas de folgas convocadas para un único día, ao tratarse dunha convocatoria de folga indefinida, é necesario diferenciar os servizos de fin de semana dos servizos de luns a venres, que deben incorporar tamén un mínimo de persoal técnico para garantir as terapias necesarias programadas.

Escolas infantís.

O Protocolo COVID-19 nas escolas infantís basea a estratexia de prevención nos grupos estables de convivencia. A diferenza doutras convocatorias de folga dun só día, para esta convocatoria de folga indefinida deben establecerse uns servizos mínimos que garantan a apertura de todas as aulas existentes para que os centros sigan funcionando con esas unidades estables de convivencia, porque, de non facerse así, se estaría rachando por completo a dinámica de prevención prevista para todo o ámbito de 0 a 3 anos, que se basea, case en exclusiva, no mantemento destes grupos estables de convivencia. Asemade, faise tamén necesaria a presenza da figura dun/dunha traballador persoal de limpeza ou un/unha PSX para garantir as limpeza puntuais que require o propio protocolo, para manter as instalacións cun mínimo de garantía.

En relación coa Consellería de Medio Rural, a Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, establece, no seu artigo 9, que a consellería con competencias en materia forestal definirá épocas de perigo alto, medio e baixo, que condicionarán a intensidade das medidas que se vaian adoptar para a defensa do territorio de Galicia, e que establecerá as datas correspondentes á época de perigo alto.

CVE-DOG: hpfe08e3-joy9-qwe3-59p2-ocfjn8x8ot0



A consellería establece estas épocas de perigo a través do Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (Pladiga) 2021:

Época de perigo alto:

O despregamento dos medios de extinción e alerta deberá ser o máximo, en función da avaliación do risco e a vulnerabilidade. A previsión actual do Pladiga comprende con carácter xeral os meses de xullo, agosto e setembro, máis un período adicional de aproximadamente un mes en función das condicións meteorolóxicas e de risco.

Época de perigo medio:

Os medios de detección e extinción permanecerán en alerta cun despregamento reducido. Aplicaranse medidas restritivas para o uso do lume en terreos forestais ou agrícolas.

A época de perigo medio comprende, con carácter xeral, os meses de febreiro, marzo, abril, maio, xuño e outubro, ben que calquera destes meses pode pasar a formar parte doutra época de perigo distinta cando as circunstancias así o requiran.

Época de perigo baixo:

É aquela en que non é preciso adoptar precaucións especiais e o despregamento de medios será o adecuado ao nivel de risco previsto nas diferentes zonas. Con carácter xeral, comprende os meses de xaneiro, novembro e decembro. Ao igual que no caso anterior, calquera destes meses pode pasar a formar parte doutra época de perigo distinta á fixada cando as circunstancias así o requiran.

Desde as 00.00 horas do 29 de maio, e debido ás condicións meteorolóxicas, quedaron prohibidas as queimas de restos agrícolas e forestais. Esta prohibición manterase máis aló do 30 de setembro de 2021. Esta decisión tomouse tras avaliar a evolución da situación meteorolóxica e unha vez analizados polo miúdo os diferentes indicadores técnicos que inciden no risco de lume e en aplicación do Decreto 105/2006, polo que se regulan medidas relativas á prevención de incendios forestais, á protección dos asentamentos no medio rural e á regulación de aproveitamentos e repoboacións forestais, que prohibe as queimas cando as condicións meteorolóxicas poidan dificultar o seu control.

A partir do día 1 de outubro de 2021 continuarase co período de gardas para o persoal técnico, co período extraordinario para os axentes facultativos ambientais e axentes fo-



restais, e co horario de alto risco para o persoal laboral, como mínimo ata o 15 de outubro de 2021.

Polo tanto, e debido ao risco de incendio en que nos atopamos, establécense como servizos mínimos do dispositivo de prevención e defensa contra incendios forestais, o 100 % do persoal en quenda de traballo para os días 4 de outubro de 2021 e seguintes (persoal técnico, axentes facultativos ambientais e axentes forestais e o persoal laboral incluído na declaración do inicio do horario de alto risco de incendio). Este dispositivo comprende os servizos prestados nos centros de coordinación central e nos catro centros de coordinación provincial de cada unha das catro provincias, así como os servizos prestados en cada un dos dezanove distritos forestais.

